



Ornela Fernández Salgado, portavoz do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate no próximo pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A estrada de Sobreira presenta un estado lamentable. A plataforma necesita asfalto novo porque o que ten xa non atura máis bacheos. Necesita unha recollida de augas en condicións que evite que continuamente se deteriore o firme. Necesita unha ampliación en determinados tramos. En suma, a estrada necesita unha mellora integral.

Esta estrada ten un tránsito supralocal. En primeiro lugar, remata no municipio de Marín. Úsana moitos veciños e veciñas de Marín para iren traballar en Vigo a través da Ponte de Rande. Tamén circula xente de Vigo e outros concellos para ir ao Lago Castiñeiras.

O Concello de Vilaboa solicitou en varias ocasións que a Deputación se fixese cargo desta estrada. Sen embargo, a Deputación nunca contestou a esta demanda e hai nulas expectativas de que o faga en sentido positivo.

Por esta razón, o BNG realizou unha exitosa campaña de recollida de sinaturas entre os veciños de Sobreira e Pazos, de San Adrián de Cobres, solicitando a sinatura dun convenio con Política Territorial a fin de darlle solución á mellora deste transitado vial.

Por todo isto SOLICITA:

Primeiro. O Concello de Vilaboa solicita a Política Territorial a sinatura dun convenio para a mellora da estrada Pazos-Sobreira no que se contemple unha nova pavimentación, recollida das augas e dotación de saneamento nos lugares onde se conecte neste vial.

Segundo. Delegar no alcalde as xestións necesarias para levar a cabo a sinatura do convenio.

Vilaboa, 5 de xuño de 2008.

Ornela Fernández Salgado.

SR. ALCALDE DE VILABOA